



CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Expediente 4051-440

**ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS
RESPECTO DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS
DE REFORMA DA GRADA DE RÍO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS
(EXPEDIENTE 4051-440)**

I.- Antecedentes

En data 8 de outubro de 2016 publícase no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación da contratación das "obras de reforma da grada de Río no estadio municipal de Balaídos".

Aberto o prazo para a presentación de ofertas, varias empresas interesadas na licitación formularon diversas cuestións, que se reproducen a continuación máis as contestacións ás mesmas que constan no informe do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da área de Inversións, de data 10 de novembro de 2016.

II.- Aclaracións.

Aberto o prazo para a presentación de ofertas, a empresa ACCIONA, S.A., interesada na licitación formulou a seguinte cuestión, que se reproducen a continuación así como a resposta dos técnicos á mesma:

Pregunta:

"De cara al concurso del asunto les solicitamos por favor aclaración a la siguiente duda relativa al Apartado D) de Criterios para determinar la oferta anormal o desproporcionada del PCAP de concurso:

En la pág. 60 del PCAP, se dice, que el valor Bi es resultado de la suma del importe de la baja realizada (sin IVA) más el importe de las mejoras de acuerdo con los valores definidos en el PCAP, en cuyo Anexo III vienen valoradas dichas mejoras en ejecución material.

Por tanto, la duda es que si para poder obtener este valor Bi, si realmente se

puede sumar una cifra de presupuesto de contrata sin IVA, con una cifra de ejecución material que es como vienen valoradas las mejoras en el PCAP o si, por el contrario, a la cifra de mejoras anterior habría que aplicarles igualmente el 13% de G.G. y 6% de B.I. para así ya poder sumar dos importes, ambos en presupuesto de contrata sin IVA.”

Resposta:

O apartado 8.D das FEC do PCAP publicado no perfil do contratante especifica que:

Bi= será igual o valor porcentual que represente sobre o prezo de licitación (en euros, sen IVE) o sumatorio do importe da baixa realizada (sen IVE), mais o importe das melloras ofertadas de acordo cos valores definidos para as mellores no PCAP, para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

Polo cal debese indicar que tendo en conta que a definición do valor “Bi” ten como único obxecto determinar un valor numérico para a aplicación dunha fórmula matemática, o mesmo atopase correctamente identificado no PCAP, e polo cal, a cifra ou valor correspondente o importe das melloras de aplicación a este valor, terá como referencia o indicado no mencionado apartado “o importe das melloras ofertadas de acordo cos valores definidos para as mellores no PCAP, para a oferta que se queira valorar”, cumprindo dito valor coa condición da obxectividade da aplicación da formula a todos os posible licitadores”.